

CONCELLO DE MEIRA

CIF:P2702900H

Praza do concello, s/n

27240 Meira

Lugo

Teléf.: 982 330 102

Fax: 982 104 090

Enderezo electrónico: concello.de.meira@eidolocal.es

BANDO

AXUDAS PARA AUTÓNOMOS: INICIO DA ACTIVIDADE E CONTRATACIÓNS

O mércores día 04 de agosto de 2021 saíu publicada no DOG a orde da Consellería de Emprego e Igualdade sobre as axudas á promoción de emprego autónomo para facer fronte aos distintos gastos xerados no comezo da súa actividade laboral (Programa I) e axudas a autónomos pola contratación indefinida de persoas asalariadas (Programa II).

BENEFICIARIOS

Programa I: axudas para a promoción do emprego autónomo

- Aquelas persoas que causen alta no réxime especial de autónomos ou en calquera outro réxime especial por conta propia da Seguridade Social ou en mutualidade entre o 1 de outubro de 2020 e o 30 de setembro de 2021.

Programa II: axudas a autónomos para contratación indefinida de persoas asalariadas

- Aqueles autónomos pola primeira, segunda e terceira contratación que realicen con carácter indefinido. Ao abeiro deste programa os autónomos poderán solicitar axuda para a formación da persoa contratada.

CONTÍA DA AXUDA

Programa I: axudas á promoción do emprego autónomo

A contía da axuda establécese entre os 2.000 € e 10.000 €.

Programa II: axudas a autónomos para contratación indefinida de persoas asalariadas

No caso da primeira contratación a axuda establécese entre os 4.000 € e 16.250 € e para a segunda e terceira contratación a contía da axuda varía entre os 6.500 € e 22.500 €.

A axuda para formación será de 4.000 €.

PRAZO DE SOLICITUDES:

Programa I: axudas á promoción do emprego autónomo

O prazo para presentación de solicitudes da axuda será contado a partir do día seguinte ao de publicación da orde e rematará o 30 de setembro de 2021.

Programa II: axudas a autónomos para contratación indefinida de persoas asalariadas

No caso de contratacións realizadas entre o 1 de outubro de 2020 e a data de publicación desta orde deberán presentarse no prazo de dous meses contados dende o día seguinte ao da publicación da orde.

No caso de contratacións realizadas dende a entrada en vigor da orde deberán solicitarse ata o último día do segundo mes seguinte á data en que se inicie a relación laboral indefinida, sendo a data límite o 30 de setembro de 2021.

Para calquera información contactar coa Axente de Emprego e Desenvolvemento Local nos teléfonos 982 34 62 22/982 33 36 01.

Meira, 04 de agosto de 2021.

O Alcalde



Asdo.: Antonio de Dios Alvarez.